



FEDERACION GALEGA
DE AUTOMOBILISMO
E-Mail: fga@fga.es
http://www.fga.es
Tlfn: 988 272 641 Fax: 988 271 461
Ctra. de Vigo, 43 Baxo - O Pino
32001 OURENSE



COMUNICADO Nº 066/20
23 DE ABRIL DE 2020

□ SOBRE A CELEBRACIÓN DAS SESIÓNS DOS ÓRGANOS DE GOBERNO DAS ESCUDERÍAS E DAS FEDERACIÓNS DEPORTIVAS

Aínda que os estatutos non o teñen previsto, durante o período de alarma, as sesións de Xunta Directiva (Comisión Delegada ou Asemblea), das Escuderías ou Federacións deportivas poderán celebrarse por videoconferencia ou por conferencia telefónica múltiple, sempre que todos os membros do órgano dispoñan dos medios necesarios, o Secretario do ente recoñeza a súa identidade, e así o exprese na acta, que remitirá de inmediato as direccións de enderezo electrónico de concorrentes.

As sesións entenderanse que se celebran no domicilio da Escudería ou Federación.

Noutro eido poderanse adoptar mediante votación por escrito (enderezo electrónico), e sen sesión, sempre que o decida o Presidente e deberán adoptarse así cando o soliciten, a lo menos, dous membros do estamento (Xunta Directiva, Comisión Delegada, ou Asemblea). A sesión entenderase celebrada no domicilio social. Será de aplicación a tódolos acordos, establecido no artigo 100 do Real Decreto 1784/1996, de 19 de xullo, polo que se aproba o regulamento mercantil, aínda que non se trate de sociedades mercantís. Neste caso, votación por escrito (enderezo electrónico), sen sesión, deberase realizar segundo o precepto sinalado: A adopción de acordos por correspondencia ou enderezo electrónico, que garantan a súa autenticidade, os secretarios con facultade para certificar deixarán constancia en acta na que se reflexarán fielmente os acordos adoptados, expresando o nome e apelidos dos asistentes, e o sistema seguido para a existencia de “quorum”, e con indicación expresa do voto emitido (a favor, en contra, ou abstención) por cada un dos membros. Neste caso, considérase que os acordos adoptáronse no lugar do domicilio social da Escudería ou Federación e na data de recepción do último dos votos emitidos/recibidos.

De tratarse de acordos do equipo de administración, adoptados por escrito e sen sesión, expresarase, ademais, que ningún membro do mesmo se opuxo a este procedemento.

Salvo disposición estatutaria, o voto por enderezo electrónico deberase remitir dentro dun **prazo de dez días** a contar dende a data en que se reciba a solicitude de emisión do voto, e de non envialo entenderase como abstención.

Da obriga de formulalas contas anuais, ordinarias ou abreviadas, individuais ou consolidadas, no prazo de tres meses a contar dende o peche do exercicio da Escudería/Federación que incumbe a Asemblea (informe de xestión e demais documentos esixibles segundo os estatutos), queda suspendida ata que finalice o estado de alarma, reanudándose de novo por outros tres meses a contar dende esa data.

Non obstante, o anterior, será válida a formulación das contas que realice o órgano de goberno, ou a persoa que as controle durante o estado de alarma, podendo igualmente realizar a súa verificación contable dentro do prazo legalmente previsto e acolléndose a prórroga prevista no apartado seguinte: No caso de que, a data de declaración do estado de alarma, ou durante a vixencia do mesmo, a Xunta Directiva queda obrigada a formulalas contas do exercicio anterior, no prazo esixido para a verificación contable das contas, con aporte de auditoría (obrigatoria ou voluntaria), entenderase prorrogado por dous meses dende que finalice o estado de alarma.

A Asemblea Xeral Ordinaria para aprobalas contas do exercicio anterior reunirse necesariamente dentro dos tres meses seguintes a contar dende que finalice o prazo para formulalas contas anuais.

ASESORÍA XURIDICA